



NON

á violencia
de xénero



XESTIÓN TRIBUTARIA – CALENDARIO FISCAL IBI, IAE e TAXAS 2023

■ ATENCIÓN!!!

SÓ ATA O 15 DE NOVEMBRO estarán a disposición das persoas contribuíntes os recibos en período voluntario do IBI, IAE e TAXAS.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacoruna.gal>) poderán comprobar os recibos, obter a carta de pago e mesmo realizar o pago do imposto. Tamén poderán solicitar a carta de pago no propio concello.

Para máis información, poderán facer a súa consulta a través do número de teléfono do concello 981 814 612.

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA

■ LEMBRA... Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro. **IMPRESINDIBLE RESERVAR CITA** no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 horas).

A SEGUINTE CITA SERÁ O MARTES 21 DE NOVEMBRO.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.
- Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

NOVEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

AXUDAS AO ENSINO DO CONCELLO DE VEDRA

■ Proximamente publicárase a convocatoria das axudas ao ensino que convoca anualmente o concello de Vedra. A convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia e difundirase nos medios municipais.

Do mesmo xeito toda a información relacionada co proceso poderás atopala na web municipal chegado o momento. Consultas e dúbidas no teléfono 981 814 693.

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal para evitar imaxes como as que acompañan estas liñas...

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 13:00 e de 14:00 a 19:00 horas.
- Sábados: de 10:00 a 13:00 horas.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugallos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!

ASÍ NON!!!

■ Axúdanos a manter o concello limpo e bonito.





Día do Camiño de Inverno, unha acción promocional dos concellos de Vedra e Boqueixón.



"Descubriendo Vedra" a través dos recordos con Agadea.



Primeira reunión da xunta directiva da lexislatura 23-27 da FEMP, con Vedra poñendo voz aos Concellos rurais e pequenos.



Excursión da Terceira Idade á Costa da Morte.



Encontro Voluntariado Sénior de Vedra.



Inicio das actividades do Programa de Persoas Maiores.



Curso Primeiros Auxilios Centro Empreendimento A Estación.



Curso Uso Desfibriladores Centro Empreendimento A Estación.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



"Relatos Migrantes" das Asociacións Papaventos e Raiceiros.



Unha das obras do Circuito Galego de Teatro Amador en Vedra organizado pola Asoc. Cultural Papaventos.



Un dos actos conmemorativos do 15º Aniversario GDR Compostela.



O sábado 21 de outubro, tivo lugar o VIII edición do Duatlon de Vedra, Campionato Xunta de Galicia Contra-reloxo por equipos, onde 360 duatletas, competían no noso Concello. A choiva desde día, non manchou a proba, que segue a ser unha das máis numerosas da nosa comunidade que contou cun bo número da veciñanza. Ademais foron catro os equipos do Club que competían na casa, proclamándose SUBCAMPIOAS GALEGAS DE DUATLON CONTRA RELOXO POR EQUIPOS o equipo feminino, formado por Gabriela Quintás, Andrea Espiño, Patricie Viadel e Elena Miguens; e proclamándose Tamén SUBCAMPIOAS DO DÚATLON DE VEDRA NA PROBA OPEN, María Pereira, Andrea Iglesias, María Fuentes e Tania Garabatos.

A IX edición, voltará á súa data orixinal, e en 2024 terá lugar o 9 de marzo.

Cultura

CONTACONTOS "COÑECE EUROPA CON KALOPSIA" O 8 DE NOVEMBRO NA BIBLIOTECA MUNICIPAL


- **Data:** Mércores, 8 de novembro de 2023.
- **Hora:** 18:00 h.
- **Lugar:** Biblioteca Municipal de Vedra .
- Actividade infantil e familiar.

Coa colaboración de EUROPE DIRECT (Deputación da Coruña).

Contacontos

Para descubrir a UE dende o espazo exterior!
De 6 a 12 anos
Con intérprete de lingua de signos
Podes velo en:

- A Baña
- Vedra
- Ares
- Biblioteca Provincial



CONCERTO "100 VOLTAS" (VERÓNICA CODESAL) O 12 DE NOVEMBRO NA NAVE DA ESTACIÓN

- **Data:** Domingo, 12 de novembro de 2023.
- **Hora:** 19:00 h.
- **Lugar:** Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

Coa colaboración da Deputación da Coruña.

Programación 4x3 OUTONO

100 voltas
Concerto de Verónica Codesal.

NOVEMBRO
DOMINGO 12
19:00 h.
NAVE DA ESTACIÓN DO TREN
DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA



EXPOSICIÓN DE PINTURA DE MANUEL GONZÁLEZ VIGO “PICASSO”

■ Estradense natural de Santo André de Veá. Ten a súa casa obradoiro en Callobre. Autodidacta. Traballa ao óleo, acuarela, carbón, tinta chinesa e técnicas mixtas. Especialista en murais. Na súa obra predomina o estilo costumista, entre outros.

- **Data inauguración:** Venres, 24 de novembro
- **Hora:** 21:00 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.
- **Apertura da exposición:** os días 25, 26, 27, 28, 29, 30 de novembro e 1 de decembro de 17:00 a 21:00 h.



Emprendemento



A ESTACIÓN: PROGRAMACIÓN EN NOVIEMBRE

A ESTACION
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2023
CURSO GRATUITO

INICIACIÓN Á CATA DE VIÑOS

Días 16 e 17 de novembro, de 19 a 22 horas.

Con este seminario de 2 días queremos ofrecer unha experiencia porque, falando de viños, máis vale unha breve demostración ca unha intensa explicación.

Obxectivo: Desfrutar, vivir e compartir o mundo do viño dende un punto de vista sincero e transparente.

Dirixido a: Público en xeral

Impartido por: Nacho Costoya (sumiller)



Nº de prazas máximo: 15

Duración: 6 horas.

Información e inscricións nos tfnos. 667 905 330, 981 51 22 44 ou en aestacion@concellodevedra.gal



■ Bótalle sempre un ollo ás súas redes sociais e ten toda a información sobre as súas propostas.

Para máis información podeades poñervos en contacto connosco nos teléfonos 981 512 244, 600 425 016, 667 905 330 ou en aestacion@concellodevedra.gal.

VEDRA PRESENTE NO... IX ENCONTRO CULTURA E CIDADANÍA DO MINISTERIO DE CULTURA

■ O proxecto europeo WINEU.rur, liderado polo concello de Vedra, foi seleccionado polo Punto Europeo de Cidadanía, para ser presentado como exemplo práctico do programa europeo CERV (Redes de cidades) durante a celebración o 18 de outubro do IX Encontro Cultura e Cidadanía, organizado polo Ministerio de Cultura en Valladolid.

Esta invitación permitiu dar a coñecer este proxecto e o traballo realizado polo concello de Vedra no ámbito dos proxectos europeos e da cultura nun espazo de ámbito nacional e coa presenza tamén de responsables de oficinas europeas de asesoramento en proxectos europeos de Luxemburgo e Croacia.

Ser o único proxecto español de rede de cidades elixido supón un importante recoñecemento para Vedra e pon en valor o traballo realizado neste proxec-

to dedicado ás nosas paisaxes e ao noso patrimonio natural, cultural e etnográfico pero tamén dá voz ao noso rural no ámbito europeo.

@puntoeuropeos; @culturayciudadania;
#RedesDeCidades; #winEU.rur; #ProgramaCERV;
#IXEncuentroCulturayCiudadania



Asociacionismo

#COUSA BOA ACCIÓN ASOCIATIVA

■ COLOQUIO: O ASOCIACIONISMO EN VEDRA. COMO SOMOS?

Presentación dun estudo que analiza os antecedentes, o perfil, as accións e o impacto das asociacións de Vedra no seu desenvolvemento socioeducativo e cultural.

Interveñen:

- Carlos Martínez Carrillo (alcalde de Vedra)



Charla informativa coas asociacións vedresas.

- Belén Caballo Villar e Jesús Rodríguez Rodríguez (directores da investigación, USC)
- Iván García García (autor da investigación)

- **Data:** venres 1 de decembro de 2023.
- **Hora:** 20:30 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.

- **Dirixido a:** integrantes de asociacións, aberto a todas as persoas interesadas na temática.

CURSO DE INICIACIÓN Á XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE ASOCIACIÓNS

- **Data:** xoves 14 de decembro de 2023
- **Hora:** de 20:30 h. a 22:30 h.
- **Lugar:** Centro de Emprendemento A Estación

- **Dirixido a:** integrantes de asociacións, aberto a todas as persoas interesadas na temática.

+información e inscricións: 981814691 / cultura@concellovedra.gal



PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL

■ É unha iniciativa dirixida á **mocidade de 16 a 35 anos e persoas maiores de 55 anos**. A acción voluntaria realizouse por parellas, é dicir un mozo/a e un/ha maior. É un programa que busca unha achega social e comunitaria importante para o territorio.

Ten por obxectivos xerais:

- Poñer en valor as achegas das persoas voluntarias como recurso fundamental dentro da nosa comunidade.
- Promover accións entre xeración que fomenten a relación entre distintas xeracións e o intercambio de coñecementos.
- Crear un programa para levar a cabo accións que poñan en valor o concello de Vedra a nivel patrimonial, cultural e social.

Constou de tres liñas de acción:

- **TURÍSTICA, proxecto 'Son Vedra':** Dar a coñecer o concello de Vedra e a súa riqueza a nivel patrimonial, cultural e histórica: cultura muiñeira e pesca.
- **AGROALIMENTARIA, proxecto 'Agrovedra':** Poñer en valor o saber popular e mantemento das tradicións no sector agroalimentario: horta e viño.
- **TECNOLOXÍA E DIXITAL, proxecto 'Vedrea':** Fomentar a dixitalización nas persoas maiores.

Neste marco desenvolvéronse saídas de campo con AGADEA, AMABUL, Acamparte, Ludoverán, e cos centros educativos.

O noso agradecemento ás persoas voluntarias por formar parte deste proxecto pioneiro a nivel da comunidade galega, que contou coa colaboración da Consellería de Política Social e Xuventude a través das axudas NextGeneration da Unión Europea.

Elas e eles son os protagonistas:



Carlos e Elvira



Gabriela e Luís



Inés e Marta



Miriam e Ana



Pau e José



Víctor e Virgilio

NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO: O SÁBADO 18 DE NOVEMBRO

■ Compartimos a información da nova etapa do grupo de sendeiristas de Vedra que cubrirán o percorrido de 20,5 km entre a “Praia de Lires” ata “O Faro de Fisterra”.

HORARIOS E LUGARES DE RECOLLIDA DO SERVIZO DE AUTOBÚS:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 7:55 horas.
- Última parada diante da oficina do BNG (Antiga Estación de Buses) ás 8:00 horas.



Servizos Sociais

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne

a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).

2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

SERVIZO DE LUDOTECA EN NOVIEMBRE

■ Dende o programa de conciliación Conxuga Espazo Corresponsable, neste mes de novembro continuamos a desenvolver actividades que favorezan na rapazada a construción de aprendizaxes e habilidades sociais. Neste mes:

- Xogos grupais
- Magosto, mantendo as tradicións
- Contos en Valores
- Supercchef
- Dereitos das nenas e nenos
- E moitas actividades máis...



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra



AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Bingo

Xoves 9 de novembro ás 20:00 h.

■ Magosto e baile

Sábado 18 de novembro ás 20:00 h.

Actuación musical de Martín Reimúndez.

■ Escola de Saúde: "A importancia da psicoloxía nas persoas maiores"

Xoves 23 de novembro ás 20:00 h.

Intervén: Pedro Santamaría Gargamala, membro do grupo de traballo de psicoloxía do envellecemento da sección de psicoloxía da intervención social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 13 de decembro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá trata-

mento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 29 de novembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición).



DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

■ Co gallo do día Internacional contra a violencia de xénero neste mes de novembro dende o concello propoñemos esta ampla e diversa programación co obxectivo de significarnos e loitar contra a violencia de xénero. A través deste conxunto de actividades, que van desde talleres, mesas redondas, trataremos de sensibilizar á veciñanza para erradicar a violencia de xénero.

"POLA IGUALDADE E CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS". CHARLA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA O 7 DE NOVEMBRO ÁS 19:00 HORAS

■ A charla será impartida por JORGE GARCÍA MARÍN (Profesor titular de Socioloxía DA USC e secretario do centro interdisciplinario de investigacións feministas e de estudos de xénero (CIFEX) da Universidade de Santiago de Compostela. Esta acción, aberta ao público en xeral, vai especialmente dirixida a nais e pais polo que a coordinaremos a través das ANPAS da comunidade educativa vedresa.

MESA-DEBATE: EN TORNO A VIOLENCIA DE XÉNERO. O 16 DE NOVEMBRO ás 18:30 HORAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

■ Será unha mesa de debate sobre os recursos, o enfoque nos tratamentos da violencia de xénero na nosa contorna.

Participarán: Asesora xurídica das vítimas dende o CIM; persoal técnico da Secretaría Xeral de Igualdade e membros das forzas do Estado e autoridades que interveñen na atención e protección ás vítimas de violencia de xénero.

II CONCURSO DE LEMAS": "FAGAMOS DA VIDA UN BO TRATO". LEMAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

■ O prazo para participar será do 1 de novembro ao 22 de novembro, ambos incluídos. Cada participante deberá deixar nun sobre pechado co nome e apelidos, curso e centro ao que pertence, idade e o lema proposto, nas conserxerías dos centros educativos ou nas escolas unitarias pertencentes ao CRA. Haberá tres premios para os mellores lemas.

Dende o 1 de novembro instalarase un **CALENDARIO CONTADOR DE VÍTIMAS** deste ano de xeito que se visibilice a realidade das mulleres vítimas da violencia de xénero e da nosa sociedade NA CASA DO CONCELO durante TODO O MES.

CONCERTO "100 VOLTAS" CON VERÓNICA CODESAL O 12 DE NOVEMBRO ÁS 19 HORAS NA NAVE DA ESTACIÓN

CINEMA FORUM "NIN UN DÍA MÁIS CON VIOLENCIA". O 30 DE NOVEMBRO ÁS 20:00 HORAS NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

■ Consistirá na proxección dunha curta "EL ORDEN DE LAS COSAS", charla e debate relacionados coa temática destes actos e compartiremos café-merenda.

Nesta actividade participarán **MULLERES+** que relatarán a súa experiencia na gravación do Podcats "**Moitas mulleres nunha soa muller**" e compartirán as reflexións sobre a curta sobre o que están xa a traballar.

DÍA 25 DE NOVEMBRO ACTOS INSTITUCIONAIS:

■ **ILUMINACIÓN DA FACHADA DO CONCELLO "VEDRA É VIOLETA"** 24 de novembro ás 20.00 horas.

PARTIDO DE FUTBOL FEMININO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. O 25 DE NOVEMBRO

■ Baixo o lema "**Á VIOLENCIA DE XÉNERO (MARCÁMOSLE UN GOL - QUE AS MULLERES NON SABEMOS FACER QUÉ? MESMA PAIXÓN)**".

Ten como obxectivo dar visibilidade ao fútbol feminino, reivindicando a igualdade entre mulleres e homes e rexeitar as violencias machistas. Xogarase no campo de fútbol de San Mamede. Dada a tradición do fútbol que antes tiña no noso concello trátase tamén de recuperar esta posibilidade, a opción para as mulleres do noso concello que queiran optar por este deporte. O deporte constitúe unha ferramenta fundamental no labor de sensibilización en materia de igualdade e contra violencias machistas. Esta acción trata de dar visibilidade e crear referentes femininos así como desactivar aprendizaxes sexistas ou violentas.

No mundo do deporte queda moito por traballar porque aínda se lexitiman ou naturalizan condutas machistas traducidas na invisibilidade e nas violencias verbais e/ou físicas.

O horario deste encontro do 25N publicitarase oportunamente.

A todas aquelas mulleres que desexen participar poden poñerse en contacto cos servizos sociais no telé-

Continúa na páxina 10

fono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal

ACTO INSTITUCIONAL COA LECTURA DO MANIFESTO E VISIBILIZACIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA ao finalizar o partido.

...E ademais as seguintes actividades:

- TALLER QUÉREME, NON ME FIRAS
- CONTACONTOS: "EU CONTO, TI CONTAS, HISTORIAS PARA A IGUALDADE"
- PASEOS EN VIOLETA

Con todas estas actividades o concello de Vedra súmase ás campañas de erradicación da violencia de

xénero que se celebran en todo o mundo con motivo do 25-N e anima á cidadanía a "romper co silencio" e a intervir contra esta secuela, á vez que lanza unha mensaxe de esperanza ás vítimas.

Liberdade e igualdade para lembrar que miles de mulleres viven baixo o control da súa parella ou que a violencia de xénero é a manifestación máis grave de desigualdade. Como datos a destacar, saber que o 64% das situacións de violencia contra as mulleres prodúcese no fogar ou que máis de 40 menores foron asasinados por violencia de xénero desde 2013.



Iniciativas das Asociacións

ESCOLA DE FAMILIAS DA ANPA DO CPI DE VEDRA O XOVES 9 DE NOVEMBRO ÁS 19:00 HORAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

■ Será unha nova sesión da Escola de Familias "Tecnoloxía, Saúde e Convivencia". Nesta ocasión será por conta do profesor da Fac. de Psicoloxía Antonio Rial Boubeta, recoñecido polas súas investigacións sobre o uso da tecnoloxía, consumo de alcol e outras substancias por adolescentes, que ten participado en máis de 250 congresos, conferencias e simposios internacionais. Dirixiu o "Estudio sobre el impacto de la Tecnología en la adolescencia", levado a cabo por UNICEF-España cunha mostra de máis de 50.000 estudantes de secundaria, que é a día de hoxe un dos traballos científicos de maior envergadura feitos en Europa sobre o tema. O curso pasado dirixiu tamén o estudo "Adolescencia, Tecnoloxía, Saúde e Convivencia", da man da Fundación Barrié, na que participaron 10.000 adolescentes galegos.

Programa do obradoiro

O uso da tecnoloxía non é inocuo na infancia e moito menos na adolescencia. Cando implica novos patróns de interacción e novas formas de relacionarse (a miúdo tóxicas e superficiais), novos modelos e novas formas de entender a vida, pode chegar a converterse nun problema, xa de saúde pública.

A tiranía do "selfie" e o imperio de Instagram, o boom dos gamers, youtubers e influencers amósanos unha nova xeración de mozas e mozos menos felices, con

máis dificultades para se relacionar, para aceptarse a si mesmas ou para adquirir valores e competencias básicas no seu desenvolvemento como persoas.

A sociedade está mudando e as familias tamén, rápido e non sempre na dirección desitada. Adquirir conciencia crítica e tomar partido é unha tarefa obrigada. Afastado por igual de alarmismos e "buenismos", o profesor Antonio Rial Boubeta exporá datos reveladores a este respecto e convidaranos a reflexionar como comunidade.

Bótalle un ollo ao cartel e INSCRÍBETE!!



CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR 2023 EN VEDRA COA ASOC. PAPAVENTOS

■ Compartimos as sesións deste circuítio que terán lugar en novembro...



MAGOSTO POPULAR NA CONTORNA DA NAVE DA ESTACIÓN DE SANTA CRUZ O 11 DE NOVEMBRO



ASOCIACIÓN GAITEIRAS GALEGAS. XORNADAS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL, O 12 DE NOVEMBRO NO CENTRO SOCIOCULTURAL



CICLOCHARLA CICLISMO GALEGO NAS REDES, O 18 DE NOVEMBRO CON RIBADOULLA



Parabéns

A TELMA LOZANO LÓPEZ E MARÍA MENIÑO RENDO

■ Polos seus excelentes resultados no campionato galego base conxuntos de ximnasia rítmica celebrado na cidade de Ourense. Consequindo Telma proclamarse campioa galega na categoría "Conxunto Infantil Base". Pola súa parte María Meniño, nesta ocasión acadou o bronce no "Conxunto Xuvenil Base". Ambas deportistas téñennos xa mal acostumbrados aos seus bos resultados nesta disciplina. Parabéns e a seguir sumando!!



Telma Lozano López



María Meniño Rendo



A VÍCTOR BOUZÓN

■ Que este ano estivo, novamente, na Start List da terceira edición da FETRI Pro-Tour, proba de triatlón con formato de eliminatorias de distancia Super Sprint na que participan por clasificación os 40 mellores triatletas nacionais de cada xénero.

Parabéns!!



A ALEX CASAL

■ O vedrés culturista natural que no pasado mes de outubro competiu nas dúas principais federacións naturais do país, clasificándose en ambas para o campionato de España e tendo polo de agora como mellor resultado o seu segundo posto na Categoría Máster 40 no campionato galego WNBf celebrado en Sada. Seguro que pronto chegarán máis bos resultados!! Parabéns!!



A EXPOCUTRÍN

■ Que un ano máis se fai cun dos títulos dos Premios Porc d'or unha das citas máis importantes para o mundo porcino. Nesta ocasión a cita tivo lugar en Lleida e os irmáns Cutrín fixéronse co primeiro premio na categoría de taxa de partos.

Parabéns!!



De cara ao Nadal...

Case sen darnos conta achegase o final de ano e con el unha chea de propostas para todos os públicos das que daremos boa conta!!

ADIANTO!! CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2023

■ Vedra volve a felicitar o Nadal á veciñanza coa tarxeta gañadora dunha nova edición deste concurso. Propónselle aos escolares este exercicio artístico que cun debuxo represente o que para cada quen significa estas datas.

Requisitos:

- Estar empadroad/a ou

escolarizada/o en Vedra.

- Ter ata 12 anos ou estar cursando 6º de Primaria.
- Presentar o teu traballo en orixinal:
 - No Departamento de Cultura do Concello.
 - En calquera dos centros escolares de Vedra.
 - Na EIM de Vedra.
- O prazo de inscrición estará aberto ata o 1 de decembro.

Podes consultar as bases do concurso na web municipal ou no propio departamento de cultura.

Consultas e dúbidas no teléfono 981 814 691.



Tarxeta gañadora do ano pasado, obra de Antía Valle Ledesma.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS